

PROXECTO LECTOR

C E I P de MARCÓN

FINALIDADE:

O Proxecto Lector ten como finalidade a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios, fomentando o hábito e gusto pola lectura e contribuindo a mellorar a práctica da lecto-escritura desde a coordinación dos procesos de ensino do profesorado e a colaboración coas familias.

DEFINICIÓN:

O Proxecto Lector defínese como un conxunto de medidas curriculares, organizativas e de cooperación encamiñadas a potenciar e desenvolver no alumnado aquelas competencias necesarias para a práctica habitual da lectura, disfrutar lendo e adquirir os coñecementos culturais e científicos de forma eficaz.

OBXECTIVOS:

1. Desenvolver nos alumnos e alumnas todas as habilidades necesarias para ler diversos materiais escolares e non escolares, facelo habitualmente e disfrutar coa lectura.
2. Promover o funcionamento da Biblioteca escolar como centro de recursos para a aprendizaxe de toda a comunidade educativa.
- 3.-Orientar ao profesorado para que dé prioridade ao desenvolvemento das habilidades lectoras en todas e cada unha das áreas e participe de forma activa no Proxecto.

MEDIDAS A DESENVOLVER:

- **Para o obxectivo 1: Desenvolver nos alumnos e alumnas todas as habilidades necesarias para ler diversos materiais escolares e non escolares, facelo habitualmente e disfrutar coa lectura.**

1 a) Uso da lectura comprensiva e expresiva como ferramenta de aprendizaxe en calquera tipo de textos.

Estratexias:

Para mellorar a velocidade lectora: entrenamiento do campo visual, listado de palabras numeradas, xogos de habilidade visual, xogos de diferenzas, textos mutilados coas palabras escritas ao final de liña, control de velocidade lectora unha vez por trimestre.....

Para mellorar a comprensión lectora: lecturas orais e diálogos posteriores, troco de parágrafos ou troco de liñas, poñer títulos a noticias, acertar palabras que se definen, executar ordes escritas, completar textos.....

1 b) Fomento do uso privado da lectura como medio para satisfacer os intereses persoais no ocio e na relación coas outras persoas.

Estratexias: lecturas individuais, colectivas e a coro, lecturas silenciosas de libros e contestación de preguntas con texto ou sen el, buscar un parágrafo perdido, facer libro ficheiro, lectura do xornal, lectura de alumnos maiores para pequenos...

1 c) **Uso da escritura como ferramenta.**

Estratexias: completar textos, lectura e paso a viñeta, reconstrución dun poema, fichar libros, resumo de libros lidos, escritura dun texto de forma individual ou colectiva....

1 d) Coñecemento dos procedementos habituais para o uso e consulta dos libros na Biblioteca do Centro.

Estratexias: coñecer o local e a súa distribución, coñecer o fondo bibliográfico e a súa ubicación a través de exercicios lúdicos. Coñecer tamén o sistema de préstamo e consulta que de momento se fará a través de dúas fichas , unha queda na Biblioteca e a outra a leva o alumno para que non esqueza a data de devolución.

Os recreos dos luns e dos venres empregaránse para préstamos e os demais días para lectura e consulta.

1 e) Uso da linguaxe oral e das tecnoloxías da información e comunicación como medios para fortalecer todos os ámbitos das relacións humanas.

Estratexias:

Para favorecer o uso da linguaxe oral prepararanse presentacións de libros, contos, cómics, noticias...e contaranse a un grupo de alumnos. Esta actividade poderá facerse na aula ou na Biblioteca.

Para familiarizarse coas tecnoloxías da información e comunicación,utilizaranse os ordenadores, vídeos, DVD, da Biblioteca ou da aula de informática.

Calquera destas actividades deberán estar supervisadas por un profesor.

Todas estas estratexias incluírán o uso de distintos tipos de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

O Proxecto Lector conta cun espazo e tempo propio dentro do currículo e concrétese para cada unha das etapas da seguinte maneira:

-En Educación Infantil incorpórase ás unidades didácticas cunha intención preferentemente comunicativa e dirixida á estimulación da linguaxe oral e expresiva, asociada ao resto dos códigos e ao compromiso compartido coas familias.

En Educación Primaria empregaranse vinte minutos de lectura diaria en cada un dos cursos e levarase a cabo na aula ou na Biblioteca.

- Para o obxectivo 2: Promover o funcionamento da Biblioteca escolar como centro de recursos para a aprendizaxe de toda a comunidade educativa.

A Biblioteca do Centro está situada no baixo entrando á esquerda. Conta cun espazo compartido con audiovisuais polo que o seu espazo real resulta xusto para sentarse a ler.

O seu fondo bibliográfico é aceptable e increméntase todos os anos. Este fondo está clasificado por ciclos, linguas e materias. Os ciclos identifícanse por cores para facilitar a escolla dos alumnos/as.

A Biblioteca está adherida ao programa Meiga, da Consellería de Educación.

O sistema de préstamo lévase a cabo por fichas, tanto para o profesorado como para o alumnado.

Os recursos económicos dos que dispón son as subvencións que veñen da Consellería e partidas non fixas que se quitan do orzamento xeral.

Funciona diariamente nos recreos sendo os luns, mércores e venres os días de préstamo e os outros días empréganse para lectura e consulta. Cada curso, incluída Educación Infantil, dispón dunha hora semanal de Biblioteca no seu horario.

Tamén está aberta nas tardes dos martes e mércores, de 16:30 a 18:30 h. para ser utilizada por calquera membro da comunidade escolar.

A Biblioteca conta cunha dinamizadora, a profesora M^a Carmen de Vega López, e un equipo de apoio formado por catro membros que se encargan de dinamizar e promover todas as actividades colectivas.

Tamén conta cun sistema rotatorio de alumnos/as de 6^o curso, convenientemente identificados, que axudan nas labores de control e asesoramente aos máis pequenos no horario de recreo.

Actividades:

Cada ano escolléranse as actividades que se consideren máis axeitadas ao fin que se persigue e que estarán debidamente explicadas na programación de Dinamización da Biblioteca.

Estas actividades serán do tipo: Quero que me leas un conto, Un profesor me conta un conto, Pista a pista, A maleta viaxeira, Cal é o libro?, Encontros cun autor, Recanto das novidades editoriais, As pegadas da Biblioteca, Recomendóche este libro, Taller de forrado de libros...

- Para o obxectivo 3: Orientar ao profesorado para que dé prioridade ao desenvolvemento das habilidades lectoras en todas e cada unha das áreas e participe de forma activa no Proxecto.

Dada a distribución da Biblioteca do Centro, o profesorado ten un fácil acceso aos libros que seus alumnos poden demandar e dispón da posibilidade de utilizar biblioteca de aula fixa ou temporal coa única condición de que non debe coller libros novos sen devolver os anteriores. Esta condición está en función da optimización dos recursos do Centro. Tamén conta coa posibilidade de acceder ao programa informático da Biblioteca.

Os profesores tutores escollerán libros para ler aos seus alumnos e colaborarán con eles para facer unha lista de recomendacións por ciclos ou niveis que sirva de referente para os próximos cursos.

O profesorado é consciente da importancia da innovación na educación e na formación continua, como práctica profesional enriquecedora.

MOTIVACIÓN DO PROXECTO LECTOR :

O Proxecto Lector non se concibe soamente como un conxunto aillado de prácticas asociadas á mellora da comprensión lectora, como un programa ocasional de animación á lectura ou como un plan de dinamización da Biblioteca, nin pode ser unha tarefa exclusiva do profesorado no marco escolar.

O Proxecto lector é unha ferramenta capaz de integrar todas as accións nun conxunto de medidas curriculares e organizativas, en colaboración coas familias, encamiñadas a potenciar e desenvolver no alumnado as competencias necesarias para practicar habitualmente a lectura, disfrutar lendo e adquirir coñecementos culturais de forma eficaz, desde os procesos de ensino do profesorado e a colaboración activa das familias.

Tampouco podemos concebir o Proxecto Lector sen asocialo ao uso das ferramentas informáticas e sen amplialo ao coñecemento e uso de todas as linguas.

A maneira de conclusión, pensamos que o alumnado do CEIP de Marcón, ao remate da súa escolaridade neste Centro, disporá dun amplo bagaxe de lecturas guiadas e autónomas que lles permitirá facer da lectura unha práctica enriquecedora, sen esquecer o efecto positivo que, como consecuencia da práctica ordenada, producirase no rendemento escolar